

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CD2COM000100	Actividades comerciais	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1233	Aplicacións informáticas para o comercio	2024/2025	5	133	159
MP1233_12	Aplicacións informáticas de propósito xeral	2024/2025	5	50	60
MP1233_22	Aplicacións informáticas habituais no comercio	2024/2025	5	83	99

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANTONIO MANDÍAS TOLEDO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de Técnico en Actividades Comerciais consiste en desenvolver actividades de distribución e comercialización de bens e/ou servizos, e en xestionar un pequeno establecemento comercial, aplicando as normas de calidade e seguridade establecidas e respectando a lexislación vixente.

O alumnado de primeiro curso ascende a un número total de 26 persoas matriculadas na data da redacción da presente programación. Adoita ser un grupo heteroxéneo, con resultados académicos positivos na meirande parte dos casos, non existindo alumnado repetidor. Son predominantes os casos de alumnado que accede dende outra formación regrada anterior, ben no ámbito da administración e finanzas, como de comercio ou mesmo de especialidades relacionadas coa hostalaría.

Tódolos aspectos a desenvolver nas aulas, tales coma a metodoloxía, obxectivos, unidades e contido das mesmas, cualificacións, sistema de recuperación, entre outras, serán comunicada ao alumnado ao inicio de curso, utilizando como linguas o galego e o castelán, sendo a lingua vehicular esta última.

Todo isto enmarcado no contexto actual, por mor do que se implementan protocolos coa fin de garantir que o Centro de estudos sexa un espazo seguro.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Sistemas informáticos	Elementos do hardware e software.	30	18
2	Redes informáticas	Redes de área local. Internet. Buscadores e navegadores. Correo electrónico.	30	18
3	Procesadores de texto e presentacións eficaces	Edición básica: táboas, ilustracións, texto. Deseño de páxina, índices, correspondencia. Presentacións eficaces, deseño de diapositivas, animación e transicións, Prezi.	30	16
4	Deseño gráfico: fundamentos	Principios básicos do deseño. Significado da cor. Aplicacións de edición de imaxes.	25	16
5	Follas de cálculo e xestores de bases de datos	Estructura e formato, funcións e fórmulas, representación gráfica de datos. Crear e empregar táboas, consultas, formularios, informes, etiquetas.	30	16
6	Administración telemática e facturación electrónica	Facturación electrónica, programas de xestión e facturación. Relacións coa administración pública. Banca electrónica.	14	16

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Sistemas informáticos	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Manexa a nivel de usuario/a sistemas informáticos empregados habitualmente no comercio, utilizando o hardware e o software máis común	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Examináronse os compoñentes físicos dun computador
CA1.2 Consideráronse as características e o funcionamento dos equipamentos informáticos e electrónicos específicos para o comercio
CA1.3 Manexouse un sistema operativo baseado no uso de fiestras
CA1.4 Xestionáronse os ficheiros de información mediante sistemas operativos
CA1.5 Configurouse unha rede doméstica
CA1.6 Protexéronse os equipamentos de virus, correo lixo e outros elementos indesexables
CA1.7 Realizáronse operacións rutineiras de mantemento dos equipamentos
CA1.8 Descargáronse e utilizáronse aplicacións de visualización e impresión de datos

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Funcionamento dun computador persoal. Compoñentes e pezas.</p> <p>0Virus informáticos e software antivirus.</p> <p>Copia de seguridade dos datos e restauración.</p> <p>Software específico de compresión e descompresión de ficheiros.</p> <p>Formato PDF.</p> <p>Impresora, escáner e tipos de lectores de documentos de facturación.</p> <p>Sistema operativo de xestión de fiestras (Windows).</p> <p>Traballo con ficheiros e cartafoles.</p> <p>Traballo con cartafoles e ficheiros comprimidos.</p> <p>Funcionamento e configuración dunha rede doméstica: con cables e sen eles.</p> <p>Administración da rede.</p> <p>Compartición de ficheiros e impresoras.</p> <p>Seguridade sen fíos.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Redes informáticas	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Utiliza a rede internet e os servizos que a compoñen, manexando programas de navegación, correo electrónico e transferencia de ficheiros, entre outros	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse os conceptos esenciais de funcionamento e uso da rede e as características propias das intranets e as extranets
CA2.2 Avaliáronse e configuráronse os sistemas de conexión á rede
CA2.3 Utilizáronse os principais programas navegadores para se mover pola rede
CA2.4 Realizáronse procuras selectivas de información mediante aplicacións específicas e buscadores especializados por temas
CA2.5 Utilizouse o correo electrónico directamente desde a web
CA2.6 Empregáronse programas de cliente de correo electrónico para xestionar o envío e a recepción de mensaxes
CA2.7 Identificouse o protocolo de rede para a transferencia de ficheiros (FTP) desde un equipamento cliente a un servidor
CA2.8 Implantáronse medidas de seguridade para protexer os equipamentos de intrusións externas

4.2.e) Contidos

Contidos
Introdución a internet.
Seguridade. Zonas e niveis de seguridade.
Bloqueador de fiestras emerxentes.
Filtro de suplantación de identidade (phishing).
Privacidade.
Concepto e uso de intranets e extranets: similitudes e diferenzas.
Conexión a internet. Protocolo TCP/IP.
A web. Navegación web utilizando os navegadores.

Contidos
<p>Correo electrónico.</p> <p>Grupos de noticias.</p> <p>Transferencia e xestión remota de ficheiros (FTP).</p> <p>Procura en internet: buscadores, directorios ou índices temáticos, e motores de procura.</p> <p>Correo electrónico: configuración dunha conta de correo electrónico e correo web fronte a correo POP.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Procesadores de texto e presentacións eficaces	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza tarefas de manipulación de textos e de presentación de textos, imaxes e gráficos en forma continua, empregando programas para a automatización das actividades e dos traballos específicos do comercio	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Editáronse todos os tipos de escritos informativos e publicitarios, por medio de aplicacións específicas de tratamento e corrección de textos
CA2.2 Utilizáronse ferramentas especializadas de xeración de textos a través de utilidades de edición
CA2.3 Ordenáronse os textos e as ilustracións para efectuar unha correcta maquetaxe dos contidos
CA2.4 Elaboráronse índices temáticos, alfabéticos e de ilustracións
CA2.5 Deseñáronse presentacións publicitarias e de negocios con texto esquematizado, animacións de texto e imaxes importadas
CA2.6 Deseñáronse presentacións mestras que sirvan de base para a creación doutras presentacións

Criterios de avaliación

CA2.7 Manexáronse aplicacións de autoedición que permitan deseñar e maquetar páxinas con textos e elementos gráficos diversos, destinados a servir como material de márketing

4.3.e) Contidos
Contidos

Procesador de textos.

Programas de presentación: creación dunha presentación con diapositivas.

Transicións.

Animacións.

Escritura de textos.

Formato do texto dun documento de traballo.

Inserción de elementos automáticos: saltos, números de páxina, datas, símbolos, etc.

Tabulacións, viñetas, columnas e táboas.

Encabezamentos e pés de páxina.

Combinación de correspondencia.

Estilos e patróns.

Índices temáticos, alfabéticos e de ilustracións.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Deseño gráfico: fundamentos	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Confecciona materiais informativos e publicitarios, utilizando técnicas de deseño gráfico	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Deseñáronse materiais de comunicación en soportes gráficos
CA1.2 Realizouse a composición e o formato do material, respectando principios de harmonía, proporción, equilibrio, simetría, etc
CA1.3 Aplicáronse principios de asociación psicolóxica de imaxes, contidos, semellanza, continuidade, simetría, etc
CA1.4 Empregáronse técnicas de deseño e autoedición relativas a percepción visual, lexibilidade, contrastes de cor, etc
CA1.5 Deseñáronse materiais gráficos de imaxes, mantendo unha distribución equilibrada de todos os elementos
CA1.6 Utilizouse software multimedia para a edición de imaxes e sons, e para a gravación de sons
CA1.7 Efectuáronse traballos publicitarios e promocionais en internet

4.4.e) Contidos

Contidos
Traballo con imaxes vectoriais e en mapa de bits.
0Efectos especiais e plugins.
Garda de imaxes: tipos de compresión e de formato.
Gravación de vídeos en DVD ou en ficheiro.
Edición de imaxes, cortes, planos e movementos de cámara.
Agregación de movementos, transicións e títulos ás imaxes.

Contidos
Profundidade de cor. Modos de cor e cambios entre modos. Gammas de cor. Obtención de imaxes: creación, uso de existentes e consecución co escáner ou cámara dixital. Opcións de impresión. Utilidades de edición de gráficos. Traballo con capas. Traballo con textos.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Follas de cálculo e xestores de bases de datos	30

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza cálculos matemáticos con folia de cálculo e tratamento de datos con xestores de bases de datos, utilizando programas para a automatización das actividades comerciais	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Realizáronse cálculos matemáticos en diversas áreas da empresa (administración, finanzas, produción, etc.)
CA3.2 Definíronse as fórmulas para automatizar a confección de diversos documentos administrativos (albarás, facturas, etc.)
CA3.3 Utilizáronse funcións matemáticas para calcular ingresos, custos e resultados económico-financeiros

Criterios de avaliación

CA3.4 Trátáronse e filtráronse listas de datos coa folla de cálculo

CA3.5 Creáronse ficheiros de bases de datos relacionais que se poidan consultar doadamente

CA3.6 Extraéronse informacións a través da consulta combinada de varias táboas de datos

CA3.7 Deseñouse formularios para a inclusión de datos nas súas táboas correspondentes

CA3.8 Elaboráronse informes personalizados dos rexistros da base de datos para os imprimir

4.5.e) Contidos**Contidos**

Introdución ás operacións básicas de folla de cálculo.

0Xestores de bases de datos.

Creación e uso de táboas nun xestor de base de datos.

Índices e relacións entre as táboas.

Ordenación e filtraxe da información.

Consultas de datos das táboas.

Formularios de toma de datos.

Informes extraídos das táboas de datos e das consultas.

Etiquetas de correo.

Introdución e edición de datos nas celas: textos, números, fechas e fórmulas.

Manipulación das celas de datos.

Formato de celas, filas, columnas e follas.

Operacións básicas con follas de cálculo.

Fórmulas da folla de cálculo.

Contidos
<p>Funcións matemáticas, lóxicas e estatísticas.</p> <p>Representacións gráficas dos datos.</p> <p>Listas de datos.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Administración telemática e facturación electrónica	14

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza a facturación electrónica e outras tarefas administrativas, de xeito telemático, utilizando en cada caso o software específico	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse os formatos electrónicos de factura
CA4.2 Estableceuse a transmisión telemática entre computadores
CA4.3 Garantiuse a integridade e a autenticidade das transmisións telemáticas a través dunha sinatura electrónica recoñecida
CA4.4 Utilizáronse aplicacións específicas de emisión de facturas electrónicas
CA4.5 Realizáronse tarefas administrativas en liña con organismos públicos e privados
CA4.6 Formalizáronse documentos coas obrigas fiscais ás que están suxeitas as operacións de compravenda de produtos ou servizos
CA4.7 Practícase con simuladores de recursos da administración tributaria
CA4.8 Realizáronse prácticas con simuladores de banca en liña

4.6.e) Contidos

Contidos
Factura electrónica: aspectos xerais, condicións para a súa utilización e normativa legal.
Seguridade: sinatura electrónica recoñecida e DNI electrónico.
Programas de facturación electrónica.
Banca en liña.
Tributos en liña.
Trámites coa Seguridade Social en liña.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Por ser un módulo eminentemente procedimental, os criterios mínimos de avaliación basaranse na valoración daqueles aspectos dos contidos procedimentais, suficientes para acadar os obxetivos das unidades de competencia que se desenvolven no perfil profesional do deseño base do título, expresadas en termos de capacidades terminais do módulo.

MÍNIMOS EXIXIBLES

Os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva son os que figuran no apartado 4c desta programación.

Todos os instrumentos de avaliación que conteñan mínimos exixibles deberán estar superados cunha nota igual ou superior ao 50% da puntuación máxima da proba.

Aqueles instrumentos que non conteñan criterios mínimo exixibles farán media sempre que a súa nota sexa igual ou superior ao 45% da puntuación máxima da proba.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación outorgada na primeira avaliación parcial será un resultado numérico, en base dez e sen decimais.

Para a obtención de tal resultado determinarase, en primeiro lugar, a cualificación de cada unidade didáctica. Isto farase aplicando aos instrumentos de avaliación especificados en cada unidade o peso na cualificación que para cada un deles aparece asignado.

Seguidamente, determinarase a cualificación da avaliación parcial tendo en conta o peso que proporcionalmente corresponde a cada unidade didáctica, tendo en conta para establecer tal proporción unicamente as actividades efectivamente desenvolvidas no transcurso da primeira avaliación parcial.

Se nunha das unidades didácticas a cualificación obtida fose inferior a catro, a avaliación considerárase suspensa aínda que polo procedemento antes descrito se alcanzase unha puntuación de cinco ou superior; e nese caso outorgaríase, como máximo, unha cualificación de 4 (catro).

A cualificación outorgada na segunda avaliación parcial será un número en base dez e sen decimais, determinado do seguinte modo:

a) Primeiramente, calcularase un resultado numérico, en base dez e sen decimais.

Para isto aplicarase aos instrumentos de avaliación especificados en cada unidade o peso na cualificación que para cada un deles aparece asignado. Despois, determinarase a cualificación da avaliación parcial tendo en conta o peso que proporcionalmente corresponde a cada unidade didáctica, tendo en conta para establecer tal proporción unicamente as actividades efectivamente desenvolvidas no transcurso da segunda avaliación parcial. E se nunha das unidades didácticas a cualificación obtida fose inferior a catro, a avaliación considerárase suspensa aínda que polo procedemento antes descrito se alcanzase unha puntuación de cinco ou superior; e nese caso outorgaríase, como máximo, unha cualificación de 4 (catro).

b) Se o resultado calculado do modo dito é inferior a cinco, a avaliación está suspensa; e tal resultado será o que se consigne para a segunda avaliación parcial nos documentos de avaliación.

c) Se, pola contra, o resultado calculado é de cinco ou superior, a segunda avaliación parcial está aprobada coa cualificación que se corresponde con tal resultado.

Mais, neste caso, se tamén estivese aprobada a primeira avaliación parcial, o resultado que se fará constar para a segunda avaliación non será o correspondente a tal avaliación parcial senón o coincidente co que proceda outorgar no momento de se celebrar a avaliación final.

A cualificación que se outorgue na avaliación final será o resultado numérico, en base dez e sen decimais, obtido de aplicar ás cualificacións de cada unidade didáctica impartida durante a totalidade do curso os pesos na cualificación a cada unha delas asignados. O anterior, salvo no caso de que algunha avaliación parcial estivese suspensa e non fose recuperada, pois, neste suposto o módulo estaría suspenso e a cualificación máxima que se podería outorgar sería un 4 (catro).

Porcentaxe de cualificación das UD's:

UD 1 18%

UD 2 18%

UD 3 16%

UD 4 16%

UD 5 16%

UD 6 16%

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

RECUPERACIÓN

Ao alumnado que non supere algunha avaliación parcial, daránselle as orientacións e apoios necesarios co fin de que poida superala, tendo en conta para iso os contidos mínimos exixibles e os instrumentos de avaliación asociados.

As actividades de recuperación ao longo do curso levaranse a cabo a través de probas de recuperación, similares ás non superadas na avaliación no periodo de recuperación establecido polo centro (ver UD correspondente)

Ditas probas puntuaranse ata 10 puntos, debendo obter por parte do alumnado un 5 como mínimo para considerarse superada. Do mesmo xeito, reflectirase a cualificación máis elevada obtida polo alumnado obxecto de realizar ditas probas de recuperación.

As persoas que durante a celebración dun exame sexan sorprendidas utilizando calquera medio fraudulento para copiar serán cualificadas na avaliación correspondente como suspensas e deberán examinarse deses parte na proba de avaliación extraordinaria.

Aquelas persoas que cheguen tarde a realización dunha proba sen motivo xustificado non terán dereito a facela, tendo a posibilidade de presentarse a recuperación correspondente. En caso de ter motivo xustificado poderase presentar sempre e cando non tivese abandonado a aula ningún alumno/a dos presentados á proba.

MÓDULO PENDENTE

No período que media entre a celebración da última avaliación parcial e a avaliación final de módulos do curso, o alumnado que non tivese perdido o dereito á avaliación continua deberá realizar actividades de recuperación específicas. Para tal fin, elaborárase un informe de avaliación individualizado co deseño de tales actividades. En función dos CA que o alumnado non acadase a proba poderá consistir nunha PE con preguntas tipo test, preguntas curtas, casos prácticos ou ben a elaboración doutra tarefa que se poderá avaliar mediante una TO ou LC, en función do caso e tendo en conta no axuste da avaliación da presente programación.

Pola contra, o alumnado que tivese perdido o dereito á avaliación continua terá dereito, con carácter previo á avaliación final, á realización da proba extraordinaria de avaliación da que se trata no apartado 6.2 desta programación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

1. O alumnado perderá o dereito á avaliación continua cando o número de faltas sexa do 10% da carga horaria total do módulo (16 sesións de cincuenta minutos), tras seguirse os procesos de notificación establecidos na normativa reguladora do proceso de avaliación.

2. O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades ao alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua, sempre que o desenvolvemento de tales actividades poida implicar algún risco para o propio alumnado que perdeu o dereito á avaliación continua, para o resto do grupo, ou para as instalacións.

3. O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua poderá realizar unha proba extraordinaria de avaliación, previa á avaliación final do módulo. Esta proba extraordinaria, que abranguerá toda a materia impartida durante o curso, terá unha puntuación de 1-10, pode constar tanto de preguntas tipo test, verdadeiro/falso como de preguntas curtas, preguntas para desenvolver, e casos prácticos.

A data na que se celebrará tal proba extraordinaria será a acordada polo equipo docente e o equipo directivo, e darase a coñecer ao alumnado mediante anuncio que se expoñerá no taboleiro informativo do centro existente para tal fin.

A cualificación obtida na devandita proba será a que se consigne na avaliación final do módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para a avaliación do desenvolvemento desta programación, así como da propia práctica docente, seguirase o seguinte procedemento:

1. Recollida sistemática de información sobre as tarefas docentes que figuran nas actividades das distintas unidades didácticas, que permita o autocontrol do axeitado ritmo de desenvolvemento das actividades programadas.

Ao longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación nas reunións de equipo docente e mediante a aplicación programación, co fin de poder adoptar as medidas correctoras oportunas, se fose o caso.

2. Enquisas ao alumnado despois de cada avaliación.

3. Memoria de fin de curso segundo modelo correspondente da Consellería, no que amáis de recoller os contidos oportunos, incluíranse segundo o caso, as propostas de mellora cara o seguinte curso académico.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Durante a primeira semana do curso académico, realizarase unha proba de avaliación inicial para tratar de determinar se as competencias previas do alumnado son suficientes para cursar o módulo ou se habería quen podería precisar algún tipo de reforzo previo. Esta proba de avaliación inicial constará de preguntas curtas. Dita proba non constituirá obxecto de calificación.

Con esta proba de avaliación tratarase de evidenciar a posesión ou non das competencias iniciais requiridas, a través dos resultados ou produtos que serían esperables de se posuír os coñecementos e destrezas agardados.

Na reunión de avaliación inicial que se celebrará o 30 de setembro de 2020, poranse en común aqueles aspectos que o profesorado considere do alumnado, obtidos da observación dos procedementos e destrezas derivados da toma de contacto e avaliación inicial realizada.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dada a diversidade de alumnado que cursa o módulo, o seguimento do traballo desenvolvido individualmente por cada alumna ou alumno permitirá constatar, máis alá das dificultades para a solución axeitada dalgunha actividade concreta, os casos nos que o alumnado non estea respondendo de modo global aos obxectivos fixados na programación.

Derivada da situación sanitaria actual e coa fin de garantir o proceso de ensinanza-aprendizaxe, utilizaranse na medida do posible os medios telemáticos a disposición de profesorado e alumnado, para complementar o ensino presencial e proceder ao ensino telemático na súa totalidade se a situación así o require.

Do mesmo xeito, en canto a disposición de aula e procedementos dentro da mesma, terase en conta os protocolos como norma xeral e as instrucións do centro de forma específica.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Por educación en valores entendemos un conxunto aberto de contidos referidos a sectores de coñecemento e caracterizados pola súa alta relevancia social.

Este tipo de contidos aparecen reflectidos en diversos artigos da lexislación que regula o sistema educativo español e o módulo obxecto desta programación en particular.

Pártese de que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e manifestarse na aula de forma permanente; a solidaridade, o ben da maioría sobre intereses particulares, o respecto para ser respectado, o respecto á minoría e o respecto aos acenos de identidade e igualdade de oportunidades son algúns dos exemplos.

Entre os temas transversais que teñen presenza neste módulo, destácanse a comprensión lectora, oral e escrita, comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e comunicación, emprendemento e educación cívica e constitucional.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaranse as actividades complementarias e extraescolares propostas polo Departamento, que serán incluídas posteriormente nos seguimentos correspondentes da programación.

10. Outros apartados

10.1) Presentación da programación

No día da presentación do módulo profesional MP 1233 : Aplicacións informáticas para o comercio, o comezo do curso, a profesora faralle referencia ós alumnos de que a programación do módulo estará a súa disposición no momento en que calquera deles a precise, soamente terán que solicitala a profesora e esta poñerá a súa disposición as copias que precisen no taboleiro da aula.

10.2) Bibliografía

Marín Peñas, Juan de Dios: "Aplicaciones informáticas para el comercio" ISBN: 978-84-283-3490-7 Año 2014. Editorial Paraninfo.